

O adxectivo *cunqueiriano* na narrativa galega The Adjective *cunqueiriano* in Galician Prose Writing

Rexina Rodríguez Vega
(Universidade de Vigo / xinavega@uvigo.es)

Data de recepción: 06/04/2021 – Data de aceptación: 01/10/2021

Resumo: No presente traballo pretendemos trazar unha panorámica da evolución do adxectivo «cunqueiriano» na narrativa galega dende os anos setenta do século pasado ata a actualidade. Así podemos comprobar como a influencia do gran escritor mindoniense pasa por diferentes fases: a identificación co realismo máximo nos oitenta, como vía para a creación dunha alegoría nacional que permita representar un pasado irrepresentable; a apropiación, na década dos noventa, da memoria histórica a través da investigación etnográfica; ou a fidelidade extrema na reprodución hipertextual das súas estratexias narrativas e estilo, xa na primeira década dos dous mil. Por último, indícase que na actualidade existe un uso difuso do adxectivo «cunqueiriano», escritor ao que se cita como modelo de autor biliterario con ampla presenza no xornalismo de expresión castelá, e tamén como figura clave, esgazada da tradición nacional, na formación literaria dos narradores das novas xeracións.

Palabras chave: Álvaro Cunqueiro, narrativa galega, hipertextualidade, literatura fantástica, biliterariedade.

Sumario: 1. Limiar. 2. Os anos setenta, unha brillante mostra illada. 3. Os anos oitenta e o fantástico como alegoría nacional. 4. Os anos 90 ou a dimensión etnográfica do fantástico. 5. Os fieis imitadores da década dos 2000. 6. Os cunqueirianos de hoxe. Referencias bibliográficas.

Abstract: In this piece, we make an overview of the evolution of the adjective *cunqueiriano* in Galician fiction prose writing from the 1970s to the present. The influence of the great writer from Mondoñedo goes through several stages: The identification with magical realism in the 1980s, as a way to create a national allegory that allows one to represent an irrepresentable past; the appropriation of historical memory through ethnographic research, in the 1990s; or extreme fidelity in the hypertextual reproduction of narrative strategies and style in the noughties. Finally, it is suggested that there is nowadays a vague use of the adjective *cunqueiriano*, referring to a writer who is mentioned both as a model of an author belonging to two literary traditions, featuring prominently in Spanish journalism, and as a key figure, torn from the national tradition, in the literary formation of narrators from younger generations.

Keywords: Álvaro Cunqueiro, Galician narrative, hyper-textuality, fantastic literature, authors belonging to two literary traditions.

Contents: 1. Foreword. 2. The 1970s, a brilliant isolated sample. 3. The 1980s and the fantastic as a national allegory. 4. The 1990s or the ethnographic dimension of the fantastic. 5. The faithful imitators of the 2000s. 6. The Cunqueirians of today. Bibliographic references.

1. Limiar

É xa un lugar común afirmar que Cunqueiro non se parece a ninguén. Como unha supernova que brilla cunha forza inusitada na galaxia das letras, o mundo ficcional do mindoniense establece a súa propia verdade textual, por iso resulta tan difícil dialogar con el, dixerilo nun novo discurso que se afaste da mera imitación epigonal. Con todo, o adxectivo «cunqueiriano» paira sobre a literatura galega desde hai xa medio século. Á constatación desa permanente ansiedade da influencia na nosa narrativa vai dedicada esta pequena panorámica que non ten nin moito menos a intención de ser exhaustiva.

2. Os anos setenta, unha brillante mostra illada

Sen dúbida ningunha, é nesta década onde podemos atopar unha das obras que con máis precisión encarna características definitorias do «cunqueiriano». Trátase d'*Os escuros soños de Clío* (1979), de Carlos Casares. Nesta obra, aparentemente afastada das coordenadas da súa traxectoria narrativa, Casares desenvolve unha colección de relatos breves nos que, xogando co apócrifo, a cabalo entre a historia e a ficción, reconstrúe unha sorte de historia alternativa de Galicia. Tanto Borges como Cunqueiro cítanse como modelos destas páxinas singulares e nas que estudosos, entre os que salienta en especial Xoán González-Millán (1996) e Manuel Forcadela (2013), percibiron aspectos tan relevantes da poética cunqueiriana como a erudición fantástica, o xogo intertextual, a escatoloxía, o humorismo, a parodia ou o pouso da melancolía.

3. Os anos oitenta e o fantástico como alegoría nacional

Fronte ao carácter illado do xesto casariano, durante os anos 80, o adxectivo «cunqueiriano» empregárase de xeito case sistemático para intentar dar conta dunha produción novelística que salienta polo seu emprego do fantástico en contraposición e convivencia co ámbito do real. O «realismo máxico», concepto un tanto vago, e que, nas nosas letras, semella sinónimo do adxectivo «cunqueiriano», emprégase como etiqueta para dar conta de novelas como *O triángulo escrito na circunferencia* (1982), de Vitor Freixanes; *Beiramar* (1983), de Martínez Oca; *Xa vai o Griffón no vento* (1984), de Alfredo Conde; ou *Bretaña Esmeraldina* (1987), de Xosé Luis Méndez Ferrín, entre outras.

Con todo, este recurso á modalidade fantástica presenta certas diferenzas coa proposta cunqueiriana. Xoán González-Millán chamaría a atención sobre elas no

seu ensaio *Silencio, parodia e subversión* (1991), onde analiza a tensión entre ficción e realidade que se dá na produción novelística dos oitenta como medio privilexiado de implementación dun programa nacional que vai á procura da apropiación dos sinais de identidade. A fantasía mitolóxica permitirá así representar un pasado irrepresentable, sempre dentro dun marco de alegoría nacional. Tratarase, xa que logo, dun uso vicario do fantástico, afastado en certa medida do inmanentismo textual cunqueiriano.

4. Os anos 90 ou a dimensión etnográfica do fantástico

Durante a década dos noventa continuarán sendo moi numerosos os cultivadores do realismo máxico, pero neste caso, alén de como estratexia de apropiación da memoria histórica, detéctase o entronque coa liña de pescuda etnográfica que ten as súas orixes na época Nós.

Silvia Gaspar, no seu famoso artigo «Atracción e detracción de Cunqueiro» (1991) identifica nesta época dúas correntes, a que ela chama os «Integradores» ou «Cunqueirianos» e a dos «experimentadores», que se afastarían do realismo máxico e cultivarían o hiperrealismo social. Vista con perspectiva non pode menos que sorprender a contraposición das etiquetas: «cunqueiriano» / «experimentador», unha formulación a todas luces simplificadora da proposta do mindoniense, que precisamente destaca, como ben sabemos, pola súa fonda componente experimental.

Como cunqueirianos «integradores» cítanse os nomes de Darío Xohán Cabana, Ramón Loureiro, Paco Martín, Xabier Puente do Campo ou Xosé Miranda, autores que, de modos diversos, buscan o referente do seu mundo nunha realidade máxica, por veces mítica, rica en elementos tradicionais.

A esta nómina habería que engadir tamén a Manuel Rivas no que o elemento máxico e fantástico constitúe unha das facetas dunha poética marcada pola súa capacidade de síntese e de revisión dialéctica da tradición cultural galega.

O propio Xosé Miranda, interrogado polo herdo de Cunqueiro, ten indicado que a súa etiqueta como «cunqueiriano» foi produto dunha mala lectura, dunha simplificación. De feito, sinala que o costumismo ou o tratamento do fantástico que pode estar nos textos da súa xeración, ao empregar elementos fantásticos sobre unha base realista, non ten nada que ver co que facía Cunqueiro: «Cunqueiro foi mal asimilado, tanto en España como en Galicia» (Miranda 2011).

No seu caso, a intervención céntrase na prosa, onde considera que a literatura que predominou en tempos posteriores apostou máis polo costumismo, precisamente ao contrario do que el facía. E é que, para Miranda, o autor non

deixa só unha obra, senón todo un xénero e un tipo de literatura, que non é fantástica, senón do marabilloso:

Non é épica senón lírica e intimista. E ao tempo é realista, pero trata o realismo dun xeito totalmente marabilloso e iso entendeuse mal, houbo un movemento mesmo á contra. Claro que tamén a reacción á obra pode entenderse relativamente como un herdo do traballo dun autor. Durante anos os que escribíamos algo fantástico eramos clasificados de cunqueirianos, mesmo sen ter nada que ter. Tamén pasou coa etiqueta de artúrico que se lle aplicou ao propio Cunqueiro cando ten un papel marxinal na súa obra, onde hai tanto de islámico ou bizantino como de artúrico. (Miranda 2011)

5. Os fieis imitadores da década dos 2000

Durante a primeira década do 2000 salientan, ao meu ver, catro narradores como claramente «cunqueirianos»: Begoña Caamaño, Manuel Lorenzo Baleirón, María Lorenzo Miguens e Antón Castro. Son estas voces moi distintas que, malia non compartir coordenadas socioliterarias, abordan a revisitación da obra do mindoniense cun denominador común: a fidelidade á poética narrativa de Álvaro Cunqueiro, amosando idéntica tendencia non só á repetición dun produto senón á recreación dun proceso.

No caso do coruñés Antón Castro, recoñecido xornalista cultural de *El Heraldo de Aragón*, colaborador de *ABC* e un dos mellores e máis activos divulgadores da figura de cunqueiro nas letras de expresión castelá, atopamos dous títulos *Vida e morte das baleas* e *Los seres imposibles*, merecentes, sen dúbida, do adxectivo «cunqueiriano». Antón Castro, escritor bilingüe, presenta a particularidade de asumir a Álvaro Cunqueiro desde fóra de Galicia, sen sentirse polo tanto implicado en ningunha tarefa de construción dun discurso nacional. Castro le no mindoniense, pacta co seu universo, decodifícao e entra no camiño da erudición fantástica e o ludismo mitolóxico coa delicadeza dun ourive de miniaturas. Así nos seus relatos e microrrelatos atoparemos tanto a compoñente metaliteraria como os espazos míticos característicos de Cunqueiro.

Manuel Lorenzo Baleirón e a súa filla María Lorenzo Miguens, figuran ata o de agora como autores dunha única incursión no eido da creación literaria: *Tonas de Laranxa*, novela que recibiu o Premio Xerais no 2012. Trátase dun exercicio virtuoso de imitación hipertextual, especialmente fiel á técnica novelística de Cunqueiro. A obra, claramente metaliteraria, traballa sobre o hipotexto cunqueiriano sen circunscribirse a un único título. A imitación dos procedementos de recreación do canon cultural e a particular concepción do realismo fantástico do autor mindoniense poden observarse aquí con claridade. Tamén advertimos o recurso tanto á ucronía como aos xogos anacrónicos. Ao xeito da novela posmoderna, os autores meditan sobre a propia creación narrativa e fanlles ver aos lectores que non están perante unha mímese da realidade, senón

ante unha ficción que se vai facendo e refacendo perante os seus ollos mentres le. Probablemente esta novela constitúa o mellor exemplo do cunqueiriano metaficcional, unha veta moi pouco explorada nas nosas letras.

De signo diferente é o exercicio que Begoña Caamaño nos vai propor na súa novela *Morgana en Esmelle*, tamén do 2012. O seu procedemento de imitación hipertextual estará centrado nunha única obra, o *Merlín e familia*, que busca prolongar ou complementar.

Se en *Tonas de laranxa* atopabamos unha reprodución de estratexias textuais, aquí imos atopar, sobre todo, a reprodución de aspectos estilísticos, trazos recoñecibles, por exemplo na combinación de elementos na oración, no ritmo das frases ou no uso de arcaísmos. Tamén salienta esta obra pola súa clara fidelidade á diéxese cunqueiriana, de feito unha das voces narradoras será a do propio Felipe de Amancia.

En *Morgana en Esmelle*, a relación coa materia de Bretaña difire da da produción dos 80 e dos 90. O artúrico xa non ten a mesma importancia no papel de alegoría nacional, como etnosemema dun suposto pasado mítico. Trátase dunha reescritura do mito de acordo coa liña de reescrituras poéticas que beberon da mitoloxía na poesía dos noventa, e que ten no feminismo, na procura do pasado borrado das mulleres, centrado nas figuras de Viviana e Morgana, o seu eixo fundamental (Nogueira Pereira 2016).

6. Os cunqueirianos de hoxe

Máis difícil resulta detectar na última década a pegada de Cunqueiro, aínda que o seu nome sobrevive con claridade, sendo mencionado adoito como lectura imprescindible por parte dos novos narradores.

Manuel Darriba é probablemente arestora un dos novos narradores aos que o adxectivo «cunqueiriano» acae con maior xustiza. En obras como *O bosque é grande e profundo* (2013), *Elefante* (2018) ou *A realidade* (2021) podemos observar un discurso narrativo caracterizado pola experimentación formal no que é a metáfora, como acontece en Cunqueiro, a que desencadea o mundo ficcional. A súa proposta tamén coincide coa cunqueiriana no xogo con subxéneros hipercodificados, mudando neste caso a novela sentimental ou os libros de cabaleirías do mindoniense polo western, a novela negra ou a distopía. En suma, e sempre desde o meu punto de vista persoal, creo que Manuel Darriba practica hoxe unha novela de indagación lingüística e intertextual con fondos paralelismos coa narrativa de Cunqueiro.

Outros autores cos que percibo certo parentesco, non tanto nos seus mundos narrativos como no seu modo de ocupar o sistema literario, son Manuel Jabois e Xoán Tallón. Ambos os dous, ao igual que Cunqueiro, desenvolven unha intensa actividade como xornalistas en medios de expresión castelá. Malia presentar

diferenzas na lingua de instalación (Jaboís, logo da súa primeira novela *A estación violenta* (2008), abandona o galego para proxectarse como escritor monolingüe en castelán; Xoán Tallón consolida a súa presenza nas letras galegas antes do seu desembarco en español) os dous novelistas utilizan a cotío os medios de comunicación para erixirse como intermediarios culturais, ofrecendo unha visión de Galicia que procura describir máis a especificidade da nosa ollada cultural que a reivindicación dun espazo político.

Cumpriría afondar nas características que hoxe ten a presenza bicultural no Estado español, moi distintas ás das décadas anteriores; con todo, a recepción de Jaboís e Tallón no sistema de expresión castelá continúa a estar interferida pola alteridade da súa orixe.

Así vemos como Enric González presenta a Manuel Jaboís en termos que nos recordan ao tratamento do mindoniense no seu tempo:

Para ser un buen escritor de periódicos conviene ser gallego. Lo era Julio Camba, generalmente aceptado como el valor supremo del columnismo español, y lo era Álvaro Cunqueiro, en mi opinión casi tan bueno como Camba. También es gallego Manuel Jaboís, que parece condenado a convertirse en el mejor columnista de ahora, si no lo es ya. (González 2012)

En relación coa filiación cultural, parécenme tamén relevantes os mestres literarios dos que Jaboís reconece influencias e nas que, ao carón dos grandes autores canónicos en lingua inglesa como Scott Fitzgerald, Hemingway ou John Dos Passos, figuran os xornalistas-escritores galegos Fernandez Flórez, Julio Camba e Álvaro Cunqueiro.

Tamén Juan Tallón reconece o maxisterio de Cunqueiro no seu labor xornalístico e literario e, de feito, este autor, xunto con Eduardo Blanco Amor, son os únicos escritores galegos que salienta no seu ensaio *Libros peligrosos* (2014), concibido á maneira dunha autobiografía literaria.

De Cunqueiro di Tallón:

Cunqueiro es un señor prosista que te cura de cualquier sinsabor. No importa qué elijas para leer. Todos sus textos son pócimas milagrosas [...] Su obra atrapa una riqueza inaudita y frecuente todos los géneros para no incurrir en el hastío: poesía, novela, teatro, cuento, ensayo. Pero yo me quedo –por quedarme– con sus artículos periodísticos. (Tallón 2014: 232)

Recentemente, no transcurso da promoción da que é, polo de agora, a súa última novela *Rewind* (2019), Tallón cita o xesto cunqueiriano, que non coñece a Bretaña que describe en *As crónicas do sochantre*, como antecente para explicar o seu descoñecemento real, pero non imaxinativo, do lugar onde ambienta a acción, a cidade de Lyon:

Aunque [Juan Tallón] aseguró que actualmente no es necesario que el escritor se desplace al lugar donde se desarrolla la historia, él sí fue a Lyon, pero cuando ya había finalizado la primera versión del libro. Lo hizo, explicó, siguiendo la estela de Álvaro Cunqueiro cuando viajó a Bretaña para ver cuánto grado de acierto

tenían sus «Crónicas de Sochantre» sobre aquella región. «Yo fui para comprobar qué había que ajustar y qué no tenía sentido en la novela», añadió. Para Tallón, los libros no tienen una única lectura y a veces, se convierten en un espejo. «La literatura tiene un poder: nos cuenta hechos, personajes y mundos que no existen, pero a otro nivel nos está contando la verdad», aseveró. (Santos 2021)

Para rematar esta brevísima panorámica da influencia de cunqueiro nos narradores, non me resisto a citar a semblanza que Agustín Fernández Mallo dedica ao mindoniense nas páxinas do *ABC*. Malia a súa orixe galega, Fernández Mallo, coñecido experimentador na novela en castelá, non comparte apenas as coordenadas do país. Aínda así, é quen de salientar a potencia e a singularidade de Álvaro Cunqueiro e apunta, certeiraamente, o parentesco que mantén con outra *rara avis* do Estado, unha voz, tamén periférica e tamén volcada na literatura de imaxinación: a do mallorquín Cristobal Serra.

Coas palabras de Fernández Mallo, que testemuñan a vixencia creativa do mindoniense, pechamos esta breve panorámica do cunqueirismo na narrativa ao que lle quedan aínda moitas páxinas por escribir.

Alguien que en «El año del cometa» dice que las monedas tienen sexo y se reproducen entre sí, sólo puede ser un escritor que cree en la transmigración de cuerpos humanos en alma de objetos y viceversa. Su poética es así, todo lo cruza e invierte, todo lo metamorfosea, muertos y vivos pertenecen al mismo estado de la materia. Nuestro David Lynch, para entendernos. (Fernández Mallo 2016)

Referencias bibliográficas

- Fernández Mallo, Agustín (2016): «La poética de Álvaro Cunqueiro todo lo cruza e invierte, todo lo metamorfosea», *ABC*, 02/06/2016.
- Forcadela, Manuel (2013): *Dama Saudade e o Cabaleiro Sombra. As Relacións entre o Imaxinario Literario e o Imaxinario Nacional na Literatura Galega Contemporánea*. Berlín: Frank & Timme GmbH.
- Gaspar, Silvia (1991): «Atracción e detracción de Cunqueiro», *Grial* 110, 209-213.
- González, Enric (2012): «Irredentos», *Jotdown*, 08/02/2012. <https://www.jotdown.es/2012/02/enric-gonzalez-irredentos/> [consultado o 25/04/2021].
- González-Millán, Xoán (1991): *Silencio, parodia e subversión: cinco ensaios sobre narrativa galega contemporánea*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- González-Millán, Xoán (1996): *A narrativa galega actual (1975-1984): unha historia social*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

- Miranda, Xosé (2011): «O herdo de Cunqueiro», *culturagalega.gal*, 29/09/2011. <http://culturagalega.gal/noticia.php?id=19575&soportal=lg3> [consultado o 25/04/2021].
- Nogueira Pereira, María Xesús (2016): «A (re)escritura feminista. Notas sobre Begoña Caamaño», *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos* 19, 151-159. DOI: <http://dx.doi.org/10.5209/MADR.53993>
- Santos, Ágata (2021): «Cuando vives algo impactante es imposible sacártelo de la cabeza», *Faro de Vigo*, 16/01/2021.
- Tallón, Xoán (2014): *Libros peligrosos*. Barcelona: Editorial Larousse.